

# ANEXO I

## *ESTUDIO DE MATERIALES ARQUEOLÓGICOS*



*Raquel Casas García*



*Dr. Fernando Acuña-Castroviejo*

## ÍNDICE

<b>1. MATERIAL CERÁMICO</b> .....	4
1.1.- Cerámica Común Rexional. ....	5
1.2.- Cerámica con tratamento superficial. ....	13
<b>2.- METAIS</b> .....	19
2.1. FERRAMENTAS E EQUIPOS: CRAVOS.....	19
2.2. MATERIAIS DE BRONCE E FERRO .....	30
A.- BRONCE .....	30
2.2.1. BRONCES ORNAMENTAIS DE USO PERSOAL .....	30
2.2.2. APLIQUES VARIOS .....	30
2.2.3. POSIBLE ANEL .....	31
2.2.4.- BOTÓNS .....	32
2.2.5.- ACUS CRINALIS: OS ALFINETES OU AGULLAS DE TOCADOR.....	32
2.2.6.- OUTROS BRONCES: OS ELEMENTOS INDETERMINADOS .....	33
B.- FERRO.....	33
2.2.7.- USO PERSOAL: AS FIBELAS .....	33
2.2.8.- EQUIPAMENTOS: FERRADURAS E ESTRIBOS.....	34
2.2.9.- ARGOLAS E ESLABÓNS .....	34
2.2.10.- CHAVES, “BISAGRAS” E GANCHIÑOS .....	34
2.2.11.- USO DOMÉSTICO: AS ASAS DE CALDEIROS .....	35
2.2.12.- OUTROS: OS ELEMENTOS INDETERMINADOS .....	35
<b>3.- ARMAMENTO</b> .....	36
<b>4.- NUMISMAS</b> .....	41
4.1.- INTRODUCCIÓN E ANÁLISE ARQUEOLÓXICA.....	41
4.2.- ANÁLISE TIPOLÓXICA.....	43
4.3.- ANÁLISE CRONOLÓXICA.....	48
4.4.- ANÁLISE METALOGRAFICO.....	53
4.5.- TRATAMENTO DE LIMPEZA DOS NUMISMAS. DA EXHUMACIÓN Á CATALOGACIÓN.....	54

---

5.- MATRIZ DE <i>SIGILLUM</i> .....	55
6.- VIDRO .....	57
7.- MATERIAL LÍTICO.....	58
7.1.- ANÁLISES PREVIAS.....	59
7.2.- CONXUNTOS TIPOLÓXICOS .....	60
7.2.1.- AFIADORES/ALISADORES.....	61
7.2.2.- FICHAS DE XOGO-MATERIAIS DE OCIO .....	61
7.2.3.- PROXECTÍS.....	61
7.2.4.- MUÍÑO.....	61
7.2.5.- POSIBLE MORTEIRO.....	62
7.2.6.- FRAGMENTO LÍTICO GRABADO.....	62
7.2.7.- TÁBOA DE XOGO OU ALQUERQUE DE NOVE FICHAS.....	62
7.3.- ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS.....	62
7.3.1.- CAPITEL .....	63
7.3.2.- MOLDURAS .....	63
7.3.3.- CELOSÍAS .....	63
7.3.4.- FUSTES .....	63
7.3.5.- “OUTROS” .....	64
8.- MATERIAL ÓSEO .....	65
9.- APARTADO GRÁFICO .....	67
<b>10.- INVENTARIO.....</b>	<b>68</b>

## 1. MATERIAL CERÁMICO\*\*

O presente estudo pretende ofrecer unha visión de conxunto e as primeiras consideracións sobre os achádegos cerámicos exumados durante a excavación arqueolóxica levada a cabo na Fortaleza de A Rocha Forte, de Santiago de Compostela, durante os meses de xuño e xullo de 2004 dentro do Proxecto de Estudo Histórico e Arqueolóxico sobre o citado xacemento.

Como é norma neste tipo de traballos, o material cerámico recuperado foi lavado e siglado atendendo ao contexto de aparición por unidades estratigráficas (U.E. e sectores). A sigla identificativa de cada peza cerámica recolle o nome do xacemento (RF), o ano de escavación (04), a Unidade Estratigráfica onde apareceu (U.E.) e finalmente o número de sigla, dando lugar á seguinte sigla: RF-04/U.E./nº de sigla.

Nesta campaña recolléronse aproximadamente máis de 7.000 fragmentos, correspondéndose case exclusivamente coa época baixomedieval. Cómpre destacar a abondosa presenza de minúsculos fragmentos cerámicos que optamos a separar e non ter en conta á hora de facer á análise pormenorizada que se desenrolla durante estes meses. O grao de fragmentación que presentan as pezas é alto, polo que contamos cun importante volume de fragmentos cerámicos minúsculos, como xa citamos anteriormente, o que nos levou a que separasemos previamente ao siglado os fragmentos de reducidas dimensións. Posteriormente ao siglado, e sendo conscientes de que a cantidade de material siglado aínda non permitía un tratamento efectivo para realizar o estudo, procedimos a seleccionar o material cerámico siglado segundo criterios morfolóxicos.

Debido ao volume de material e ao carácter que engloba este traballo de investigación, optouse por compaxinar o traballo de campo co de lavado, siglado e análise (éste último aínda en desenrollado). Unha vez lavado o material procedeuse á súa identificación e diferenciación, seguindo criterios formais e tipolóxicos, agrupando os materiais

---

\* Este estudio foi realizado polo alumno de 3º ciclo Xosé Ramón Martínez Casal

cerámicos en familias, axilizando a análise e a observación de tipoloxías, facturas, estilos decorativos...

En canto ao contexto arqueolóxico de aparición do conxunto cerámico, destaca que a gran maioría do material procede das U.E. 481 e 502. A primeira delas correspóndese cun depósito dunha habitación, namentres que no caso da U.E. 502 estamos a falar dun depósito documentado entre a “falsabraga” e a liza, polo que non estaríamos nun recinto habitacional en principio.

Á hora de inventariar o material cerámico susceptible de ser estudado, empregouse unha ficha na que se recollían aspectos de orde identificativo, tipolóxico e morfolóxico.

A modo de introducción podemos sinalar as principais facturas documentadas:

- Cerámica común rexional.
- Anforetas de Indias.
- Cerámica con tratamento superficial.
  - Louza esmaltada.
  - Cerámica vidriada.

### **1.1.- Cerámica Común Rexional.**

É a factura cerámica máis abondosa en A Rocha Forte, así como na maioría dos xacementos desta época en Galiza, podendo achegarse a unhas porcentaxes do 98-99%. Dase a particularidade de que é unha cerámica sobradamente coñecida pero pouco estudada, á cal non se lle outorgou importancia. Nembargantes, esperamos que dentro deste proxecto se poidan configurar os alicerces dunha futura tipoloxía da cerámica medieval galega. En xeral, podemos dicir que os tipos documentados proceden de producións locais, ubicábeis no Noroeste peninsular, sen que poidamos coñecer exactamente os lugares concretos de produción. A escasez de análises físico-químicas impide trazar unha caracterización mineralóxica da cerámica. Aínda así, podemos dicir que se trata dunha factura baseada nun tipo de arxila procedente da descomposición de

rochas ígneas, básicamente granito, aínda que hai aportes de xistos. Os seus compoñentes, mica, seixo e feldespatos compoñen a maior parte da arxila que se debeu de empregar. O seixo e a mica actúan como desengraxantes naturais, confirindo grande plasticidade e proporcionando unha alta resistencia durante a cocción. A técnica de fabricación asentarase no uso da torneta (instrumento cun disco e un eixo curto suxeito a unha base de pedra, denominado tamén torno baixo, torno lento ou roda) e do torno (cun eixo máis alto e un disco inferior que se move co pé). No primeiro caso, o movemento de rotación o imprime a man, polo que as revolucións son lentas, desacelerándose ao modelar coas dúas máns. A elevación das pezas realízase engadindo rolos ou faixas que se regularizan cun torneado intermitente. O uso da torneta permite ver unha serie de pegadas na cerámica: soldaduras de base-corpo, rolos e faixas en corpo, corpo colo, pegadas verticais internas de dedos, textura pouco compacta e irregularidade xeral. No caso do torno, este instrumento confírelle maior grao de revolucións ao torneado e modelado da peza, polo que é a forza centrífuga o que fai elevar a peza. As pezas torneadas presentan máis regularidade, homoxeneidade e compacidade, produto da maior rotación. As pegadas que amosan o uso deste instrumento nas cerámicas son estrías ou pegadas concéntricas horizontais en todo o corpo. Con este instrumento tamén se favorece unha maior diversidade e complexidade das formas.

Como técnicas de rematado ou tratamento superficial a máis destacada é o alisado, aínda que en moitos casos non será máis que un sucinto afinado na zona superior da cerámica. O espatulado e o bruñido son outras técnicas empregadas.

A arqueoloxía galega non posúe un estudo sobre os fornos e técnicas de cocción durante a Idade Media. A observación das pezas cerámicas fai pensar en coccións de ambiente reductor, que dan lugar a cerámicas grises, de tonos escuros en xeral. A maioría delas corresponden a coccións e postcoccións reductoras, realizadas probablemente en fornos de tiro directo. Temos que sinalar a presenza de exemplares que presentan coccións oxidantes, aínda que é moi probábel que poden responder a coccións reductoras con postcocción oxidante. A Baixa Idade Media, e a súa transición cara a Idade Moderna, ve o perfeccionamento das técnicas de elaboración. Dáse unha continuidade entre a Plena Idade Media e a Baixa Idade Media, e durante ésta, consolidáranse as características que

se observan na Idade Moderna. Durante a Baixa Idade Media perfeccionase o tratamento e manipulación das arxilas, o torno alto desplaza á torneta, aínda que ésta seguirá sendo usada, melloran as técnicas de cocción, acadando cochuras uniformes e temperaturas controladas (baixas e altas).

A primeira vista, estamos ante unha produción cerámica de pastas groseiras, de grosos medios e rematados parcos. Sendo conscientes das súas limitacións, preferimos dividir esta produción “local” en cerámica de pasta gris e cerámica de pasta ocre e acastañada<sup>1</sup>, división que non é exactamente real debido a que observamos que dentro de cada tipo hai variabilidade en canto ás pastas, produto da cocción e da funcionalidade das cerámicas medievais. Aínda así consideramos que é canto menos útil empregar esta división para unha mellor comprensión.

**Cerámica gris.** Estamos ante unha cerámica elaborada a lume reductor, cunha ampla variedade cromática que vai desde o gris perla até o negro cincento, cunha calidade das pastas tamén variábel. Temos que considerar a presenza de pezas que incluímos neste epígrafe que presentan coloracións ocre e roxizas.

Podemos distinguir dous tipos de pastas esencialmente. Unha cun barro pouco traballado, de aspecto micáceo e groseiro, con abondosas partículas de seixo de variábel tamaño. Son pastas pouco elaboradas, con numerosas vacuolas, sendo polo tanto fráxiles e pouco compactas, aínda que presentan gran dureza. Os elementos non plásticos están mal calibrados, dificultando un óptimo afinado ou remate da peza, presentando polo tanto unha textura groseira. O segundo tipo de pastas correspóndese a unha pasta fina. As partículas plásticas compóñense de pequenas micas e seixos. Ten aspecto laminado en xeral, máis compacta e dura que a anterior. Unha particularidade común a ambas dúas pastas é o aspecto micáceo (polvo micáceo) que presentan, provinte do tipo de arxila empregada, sen depurar totalmente como indicamos antes. En canto ás formas, predominan as formas globulares, tipo ola, característica da cerámica típica de cociña e de función contenedora. Debido a esta característica é frecuente e normal que as pezas estén queimadas ou que presenten indicios de estar exportas ao lume. Os corpos soen ser

---


<sup>1</sup> César Vila, M. e Bonilla Rodríguez, A: *Estudio de los materiales cerámicos del <Castelo da Lúa> (Rianxo, A Coruña)*. En: Gallaecia, Nº 22, páxs. 297-367, Santiago, 2003.

curvos e as bases planas. O tipo máis característico é o de ola de colo breve pero acusado e de borde exvasado. As decoracións límitanse á zona superior do corpo, concretamente na zona do ombreiro e están formadas por impresións (dixitacións e unglacións) e incisións (bruñidas, punzantes e acanaladas). Cómpre sinalar que o que define os tipos é a forma do borde. En canto ás asas, non se documentou polo momento ningunha xerra, polo que se podería pensar que poderían pertencer a olas, aínda que non se observou ningunha relación directa entre unha asa e unha ola neste conxunto cerámico, aínda que sí noutros procedentes de outras escavacións. Aparecen decoradas con motivos impresos, sendo xeralmente de sección circular ou aplanada.

Os tipos documentados son a grandes riscos os seguintes<sup>2</sup>:


- Ola de borde horizontal aconcavado. Ola de borde horizontal ou oblícuo, aconcavado na súa parte interna e rematado nun beizo engrosado, cecais para asentar a tapadeira, de corpo globular e cecais de base plana. Presenta dúas variantes segundo a forma do colo: variante A, con colo recto ou oblícuo, moi estrangulado, e variante B, cun perfil sinuoso. A pasta é groseira, correspondéndose coa primeira clase de pasta. O tratamento superficial é bastante parco, limitándose a un sucinto afinado, polo que tería un tacto rugoso, aflorando desengraxantes. A decoración límitase a dixitacións, incisións e acanaladuras oblícuas, constatándose tamén unha peza con reticulado. Presentan restos de feluxe, o que evidencia a súa funcionalidade, tendo en conta a súa polivalencia.

***Variante A.***




***Variante B.***

<sup>2</sup> Somos conscientes que un estudo máis detallado permitirá albiscar maior número de tipoloxías.




- Ola de borde de pestana. Cecais é o tipo máis coñecido, e probabelmente o que presenta maior variedade morfolóxica, recibindo múltiples denominacións (borde triangular, en T, en bisel, en pestana). Esta forma en T irá evolucionando cara tipos de bordes triangulares sen prolongación inferior. O colo é sinuoso, corpo globular e base plana ou lixeiramente aconcavada ao exterior. A pasta coincide co segundo tipo exposto anteriormente. Pasta fina, desengraxantes finos compostos por micas e seixos. En termos xerais é de aspecto laminado e a súa estampa é máis compacta que a do tipo anterior. O exterior da peza soe ser algo máis escuro que o núcleo. O rematado das superficies limítase a un sucinto afinado na zona superior. A decoración sitúase no ombreiro e é exclusivamente a base de acanaladuras horizontais externas. Pensamos que exercería funcións de ola de cociña e de almacenaxe.




- Ola de borde horizontal e beizo triangular. Presenta as mesmas características que o tipo anterior, coa característica de que a prolongación inferior non está tan desenrollada. O borde é esvasado e na zona do beizo, os extremos ábrese lixeiramente, creando en ocasións, na superficie interior un asento para a tapadeira.

- Ola de borde vertical. Denominamos así a un grupo de cerámicas que presentan un borde oblícuo que remata nun beizo vertical orientado cara arriba, xa sexa redondeado ou apuntado.

- Oliña de borde sinxelo. Caracterízase polo seu corpo globular, ombreiro arqueado con acusado estrangulamento, dando lugar a un perfil sinuoso e borde exvasado que remata nun beizo redondeado ou plano. As pastas teñen diferentes tonalidades, ocre, negras e grises, sendo bastante finas, contendo pequenas partículas de mica e de seixo. Cecais, pola exposición ao lume, o exterior presenta unha coloración máis escura que o núcleo. As superficies presentan afinado, e en caso de levar decoración ésta compónse por acanaladas horizontais no exterior. Exercerían funcións de servicio de cociña.



Como citamos anteriormente, algunhas olas presentan unha especie de acomodo que consideramos serviría para asentar a tapadeira. En ocasións é difícil identificalas polo seu estado de conservación e por que amiúdo presentan a mesama forma que os bordes das olas, mais en vez de colo unha superficie plana.



Constátanse así mesmo fragmentos cerámicos pertencentes á zona do colo e ombreiro de diversos recipientes que presentan perforacións cúa función sería a de suspensión. Así mesmo, temos documentado posíbeis queixeiras, con perforacións anteriores á cocción.

*Cerámica ocre e acastañada.* Dentro deste epígrafe incluímos unha serie de tipos que se ben gardan similitudes co anterior epígrafe, presentan unha serie de características que avalan a súa diferenciación. Son cerámicas de pasta de enorme dureza, de textura xeral groseira, gran compactación, fractura quebrada e abondosas vacuolas. Os desengraxantes son micáceos, de seixo e restos cerámicos de tamaño variábel. Somos conscientes de que moitas pezas ou fragmentos poderían circunscribirse neste epígrafe, pero optamos a incluílos no anterior aténdendonos ás formas. Proliferan as formas abertas, con engobes e bruñidos tanto como aplicacións decorativas como funcionais. Os motivos incisos soen acompañar ás pezas na zona visíbel do corpo, centrándose nas zonas superiores, aínda que o engobe-bruñido exténdese por todo o corpo. Documentáanse asas decoradas con dixitacións e incisións. Adscribíbanse a xerras e son de sección aplanada e ancha.

- Ola de borde exvasado. Presenta borde exvasado oblícuo, colo estrangulado e corpo globular ou ovoide, de perfil sinuoso. Pasta de tonos ocres oxidantes, contendo graos de mica, seixo e restos cerámicos de tamaño pequeno e medio, bastante ben calibrados. A fractura é quebrada, e obsérvase unha diferenciación cromática entre o núcleo e a superficie. O rematado da peza defínese por un alisado na superficie exterior e interior (á altura do borde). Consideramos que poden ser unha evolución das olas de borde en pestana, presentando algúns exemplares o beizo triangular, sen prolongación inferior.

- Xerra de borde sinxelo. Presenta un beizo plano horizontal e pico vertedor fechado, que da aspecto de xerra trilobulada. Perfil de borde e colo exvasados, sen diferenciación algunha. A pasta é ocre fina, con tonalidade alaranxada na superficie exterior, con alisado e cunha capa de engobe nas zonas visíbeis, aparecendo bruñido vertical. Poden presentar asas con decoración a base de incisións. Asas de sección cuadrangular e plana. Nalgún exemplar observamos que o núcleo era de pasta de cor gris, namentras que a superficie era de pasta ocre acastañada.



- Xerra con baquetóns. Constatamos unha peza que presenta o mesmo tipo de pasta que o anterior, con engobe e bruñido vertical e que amosa un baquetón.

Finalmente, para rematar con esta factura, temos que salientar a aparición de fragmentos cerámicos que non gardarían moita relación nun comezo coas funcionalidades das que estivemos a falar. Trátanse de fusaiolas e de fichas, realizadas probabelmente en anacos de cerámica reutilizada. Outros exemplares presentan varias perforacións, cumprindo o papel de queixeiras.

**Anforetas de Indias.** Respeito á anterior campaña de excavación de 2003, nesta ocasión atestiguouse a presenza de pezas cerámicas concernintes ás denominadas na bibliografía arqueolóxica como “Anforetas” de Indias, pola súa relación coa colonización por parte da Coroa de Castela de América, non hai dubida de que existiron previamente tal como certificase na Rocha Forte<sup>3</sup>. Aínda hoxe en día podemos velas reutilizadas como remates de tellados e hórreos. No referente a súa utilización deberían utilizarse como

<sup>3</sup> A partir do descubrimento de América se utilizaron no comercio atlántico e de ahí ven a denominación de anforiñass de Indias.

contenedores para o transporte de líquidos, aceitunas, etc. e mais dudosamente utilizadas como luminarias<sup>4</sup>.

En xeral son de pasta de cor roxiza aínda que hai exemplares de pasta branquecina. Neste último caso, nalgúñas obsérvase que en ocasións o núcleo é roxizo e que o branquecino é unha delgada película das caras interna e externa do recipiente. As pastas son homoxéneas, compactas, de grao fino e non presentan en xeral impurezas. Aínda así temos que expresar que no noso caso, as pezas presentan calcita, o que provoca que se observen pequenos puntos negros, tanto na pasta como na superficie. Así mesmo temos varios exemplares que posúen un revestimento interno a modo de vidriado verde coa fin de impermeabilizar o recipiente.

### **1.2.- Cerámica con tratamento superficial.**

A terceira grande factura documentada está integrada por todos os fragmentos cerámicos que presentan un tratamento superficial a base de vidriado ou esmalte, xa sexa con fins decorativas ou funcionais.

O primeiro grupo cerámico que integramos neste epígrafe é o da louza. A grosso modo, dentro do abano da louza, trátase de vaixelas destinadas ao servizo de mesa, de luxo e procedentes de olarías foráneas de Galiza, en concreto levantinas e andaluzas. Cómpre salientar que en moitos casos só é posible diferenciar a procedencia do alfar segundo a decoración do recipiente cerámico, como acontece no caso das cerámicas levantinas. Éste é un aspecto que se abordará no estudo ceramolóxico que se desenrollará nos próximos meses. Tamén hai que ter en conta que ante o grao de fragmentación que presentan as pezas, é posible que no caso de que presentasen decoración bicroma en orixe, hoxe non teñamos mostras de que é así.

En xeral, son cerámicas, ou louza, de pasta claras, normalmente de cor rosa claro ou beixe. O seu aspecto é o dunha pasta fina e compacta, a veces con vacuolas, con

---

<sup>4</sup> Pode verse unha reflexión ao respecto en BALIL, A., Luces de posición en la navegación antigua y "anforiñas", *Brigantium* 4, 1983, p. 99-103.


desengraxantes como a cal e o óxido de ferro. A elaboración destes recipientes sería a torno, e unha vez secas, recibirían un baño en esmalte estannífero. Cando a capa de esmalte estannífero estivese seca, poderíase aplicar decoración a base de óxidos de minerais, quedando listas para a cocción.

Tendo en conta isto, cómpre diferenciar:

- *Louza popular con esmalte branco estannífero*. É a louza popular, caracterizada por un revestimento de barniz ou esmalte de cor branco de estaño aplicado a toda a peza. En liñas xerais son pezas de pasta clara (rosa ou amarelo pálido), con esmalte cubrinte, pasta dura, depurada, porosa, de textura fina, fractura quebrada fina e materiais non plásticos apenas perceptíbeis (cerámicos e calcíticos). Este tipo de louza branca dará lugar á louza decorada. É un tipo de louza moi difundido, chegando a recibir a denominación de *Columbia Plain* en Inglaterra, onde se testemuña desde mediados do século XIV. Os tipos que apareceron en Inglaterra coinciden cos elaborados en olarías sevillanas (especialmente no barrio de Triana). O uso xeralizado deste tipo de louza dáse entre os séculos XIII e XIV, sendo reemplazados posteriormente pola louza decorada. Morfolóxicamente, destacan os pratos, os cuncos e as escudillas. Lamentablemente teremos que esperar a que a investigación avance para poder ofrecer datos máis concretos sobre os tipos documentados.



- *Louza con esmalte branco e decoración en verde*. Os recipientes aparecidos que englobamos neste grupo cerámico presentan pastas de cor paxiza (rosada), fina, ben decantadas, laminadas e porosas. O recubrimento de esmalte estannífero cubre a parte visíbel, que no noso caso é a parte interna do recipiente. Significativamente só documentamos o tipo concerninte a un prato con borde labiado. Sobre o esmalte presenta decoración en verde, conservando restos de dourado sobre a decoración en verde. Apareceron varios fragmentos do mesmo tipo, mais a conservación do esmalte e da decoración á nalgúns casos moi deficiente.



- *Louza en azul e reflexo dourado.* Trátanse de recipientes aos que se lles dá un esmalte estannífero branco con decoración a base de motivos en azul cobalto e reflexo dourado. A súa procedencia atribúese ás olarías levantinas, en concreto ás de Manises e Paterna. Este tipo de cerámica elaborouse en Paterna desde o século XIII até o XVIII. As pastas son de tono paxizo, ben amalgamadas, compactas, carentes de micas pero con alto contido en calcio. É difícil averiguar a súa procedencia, dato que a investigación que se está a levar a cabo discernirá. Estamos ante unha vaixela de luxo, destinada ao servizo de mesa, na que predominan as formas abertas, tanto cuncos como pratos. Cómpre salientar a aparición dun cunco decorado en azul e reflexo dourado case completo.

- *Louza decorada en reflexo dourado.* Sería unha louza de luxo, cuns costes productivos altos. É difícil discernir cal é o alfar de procedencia debido a que é un tipo de louza moi difundido polas olarías da península a partir do século XV. Nembargantes, se consideramos que sería de Paterna, estaríamos movendo na 1ª etapa de produción (século XIII e comezos do XIV) o una 4ª etapa (meiados do século XV até finais do século XVI).

- *Louza branca decorada en azul cobalto.* Este tipo de louza tamén supoñemos que procede das olarías de Paterna ou Manises, sendo difícil establecer con seguridade unha única posible procedencia. Semella que podería encadrarse na segunda etapa de produción de Paterna (1ª metade do século XIV até mediados do mesmo século), época na que só se elabora louza decorada en azul cobalto. Así mesmo tamén se podería

encadrar na 3ª etapa de produción (½ século XIV até ½ do século XV). É unha cerámica de pasta fina e gruesa, ben decantada, de cor rosado ou alaranxado.

O outro grande grupo de cerámicas con tratamento superficial é o das cerámicas vidriadas. É un campo moi abandonado, só estudado desde a óptica da olaría tradicional e non arqueolóxico. Podemos dicir que as orixes do vidriado de chumbo na Meseta Norte sitúase no Século XIII, situados no interior das cerámicas para impermeabilizar. A orixe do vidriado medieval na Península Ibérica sitúase no Al-Andalus dos primeiros séculos, mentras que nas zonas cristiás non se produce ata séculos máis tarde. A xeralización do vidriado (tanto de chumbo como de esmalte estannífero) realizárase nos reinos cristiás a mediados do século XIV, e dunha forma máis clara no século XV. O vidriado en chumbo precisa un punto de fusión máis baixo que o estaño. Un aspecto que descoñecemos é a composición mineralóxica dos vidriados.

Aínda así, podemos atestiguar a presenza de tipos cerámicos vidriados en marrón, verde, amarelo, melado e branco. Debido ao desenrrolo do estudo non podemos dicir moito sobre este tipo cerámico. Sí destacar a presenza dunha serie de recipientes con vidriado amarelo, de pasta blanquecina, moi fina, de aspecto laminado e ben decantada que presentan bordes decorados con triángulos. Así mesmo, apareceu un pico vertedor dun recipiente cerámico con vidriado amarelo e verde con forma de cabeza de animal.

### **CONCLUSIONES**

A modo de conclusión, presentamos un estudo preliminar que pretende expoñer dunha forma sinxela e breve as principais características do conxunto cerámico exumado na Fortaleza de A Rocha Forte na campaña de escavación arqueolóxica de 2004. Fixemos máis fincapé na cerámica común rexional (aínda que somos conscientes de que o estudo ceramolóxico futuro proporcionará moitos máis tipos), debido a que é a máis representativa en canto a porcentaxe e a que é a nosa interese afondar nunha tipoloxía máis ampla e actualizada. A louza, se ben é minoritaria en canto representatividade porcentual, é importante por estar ben documentada cronolóxicamente nos lugares de

procedencia<sup>5</sup> e o seu comercio<sup>6</sup>. O estudo máis detallado permitirá facer apreciacións cronolóxicas e documentar tipos concretos.

En xeral, estamos ante un conxunto cerámico ben contextualizado, acorde co período no que a fortaleza estivo en uso. As cerámicas locais gardan unha grande uniformidade, sen que sexa posíbel diferenciar cronolóxicamente con precisión os tipos cerámicos documentados. Consideramos que criterios como a forma de elaboración, diferenciando mediante torneta ou torno non son do todo satisfactorios. Isto débese a que o uso deses dous sistemas debeu coexistir no mesmo tempo. Así, pensar que unha ola, por que fose realizada a torneta é anterior a outra realizada a torno non ten por que ser certo realmente. Unha característica do conxunto cerámico é que o servizo ao que ían destinadas os recipientes cerámicos era bastante reducida: básicamente a cociña. Temos que pensar que estes recipientes serían multifunción, idea que xorde debido á non identificación de pratos, por exemplo, que podan adscribirse ao servizo de mesa. Así, temos pouco máis que identificados olas, xerras e tapadeiras, amais dalgunhas posíbeis queixeiras.

En cambio, a cerámica con tratamento superficial sí que reflexa o servizo suntuario e o de mesa, incluíndo cuncos, pratos, escudillas, fontes... É unha vaixela de luxo, de produción foránea e de alto custe, que en certo modo reflexa as modas do momento, ao conter motivos de arte gótico. Ao contrario que as cerámicas rexionais galegas, hai unha preocupación por embelecer o produto, máis aló da pura funcionalidade.

---

<sup>5</sup> Mesquida García, M: La cerámica gris de los alfares de Paterna. En: Actas das 2ªs Jornadas de Cerámica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio. Páxs. 127-136. Tondela, 1998.

<sup>6</sup> Ferreira Priegue, E. M<sup>ª</sup>: *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1988.

## Bibliografía:

- César Vila, M. e Bonilla Rodríguez, A: *Estudio de los materiales cerámicos del <Castelo da Lúa> (Rianxo, A Coruña)*. En: *Gallaecia*, N° 22, páxs. 297-367, Santiago, 2003.
- Ferreira Priegue, E. Mª : *Galicia en el comercio marítimo medieval*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 1988.
- M. Gerrard, C; Gutiérrez, A; G. Vince, A. (eds): *Spanish Medieval Ceramics in Spain and the British Isles*. BAR International Series 610, Oxford, 1995.
- Mesquida García, M: *La cerámica gris de los alfares de Paterna*. En: *Actas das 2ªs Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Páxs. 127-136. Tondela, 1998.
- Vidal Caeiro, L: *Estudio da cerámica de A Fortaleza de A Rocha Vella, campaña de 2003*. (Sen publicar). 2003.

## **2.- METAIS\***

### **2.1. FERRAMENTAS E EQUIPOS: CRAVOS**

Entenderemos o seguinte estudio como unha análise onde se reflexan os primeiros avances acerca do conxunto valorado como “cravos”, entendendo como tal, aquelas pezas compostas de cabeza, espigo e punta, ou tamén aquelas cabezas ou espigos seccionados pero que polas súas boas condicións físicas e intrínsecas nos permiten facer unha valoración certa do conxunto.

Atendendo á morfoloxía, tipoloxía, análises estratigráficas e conservación, tratarase de realizar unha valoración xeral acerca do tipo de cravos ó que nos enfrontamos.


Susceptible de estudos e investigacións futuras, a seguinte análise avanza os primeiros resultados, onde o conxunto xeral de cravos se nos presenta realizado na súa totalidade en ferro, baixo a técnica constructiva da forxa e, probablemente con un mesmo fin: realizados como ferramentas de suxección de tellados e entramados de madeira en xeral. Para todo o demáis, móstranse a continuación as análises levadas a cabo.

#### **► ANÁLISE MORFOLÓXICA**

Entenderemos por morfoloxía, aquela descrición e análise que atende á fisioloxía das pezas que levaremos a estudio. O seguinte gráfico revela a porcentaxe de tipos morfolóxicos aparecidos na Fortaleza.

---

\*\* Este estudio foi realizado pola alumna de 3º ciclo Goretta González Vila



Como se observa, estamos fronte a un conxunto total de pezas formado na súa maioría por cravos, entendendo por tales, aqueles que amosan cabeza, espigo e punta. Formarían o 58%.


Seguidamente a nosa análise comprenderá tamén o estudio de cravos con cabeza e espigo pero sen punta. Compoñerían o 30% do noso estudio.

Así mesmo, tamén están incluídos os espigos e as cabezas que, aparecendo soltas, se atopan en bo estado de conservación e nos poderían axudar a unha análise máis completa á hora de estudar tanto a tipoloxía dos espigos como das cabezas (sobre todo destas últimas xa que definen tipolóxicamente o cravo en sí mesmo). Os espigos representan o 11% do noso conxunto mentres que, o 1% estaría composto polas cabezas que apareceron soltas.

### ► ANÁLISE TIPOLÓXICA

Para entender a análise que se fará a continuación acerca deste conxunto de cravos, temos que ter en conta o proceso de selección ó que foron sometidos. Incluiremos neste proceso de estudo, aqueles cravos considerados en bo estado de conservación, en relación con outros en estado avanzado de descomposición. Non só, dentro deste conxunto considerado en bo estado, clasificaremos os de miyor a peor estado. Así mesmo, decidiuse incluír aqueles fragmentos de cravo, compostos basicamente por cabezas ou espigos e que, estarían en bo estado de conservación e entendendo que serían de axuda á hora de analizar as tipoloxías destes metais. Quedan así descartados dentro desta análise, aqueles metais que, intuindo que poderían formar parte dun cravo, se atopan en moi mal estado de conservación e con moita costra de óxido que, ensanchando o ferro non permitirían dicir nada en claro, a non ser un “podería ser...”.

No seguinte gráfico, farase referencia a unha análise de índole morfolóxica, na que se poderá observar con claridade o tipo de conxunto o que nos enfrentamos, así como as pezas que, conformando o total, forman iste estudio.



Sen dúbida, son as cabezas dos cravos as que marcan e definen as tipoloxías as que nos enfrontamos. Debido á época a que nos remitiremos, atoparemos tipoloxías moi características e propias deste período. Os cravos medievais polo xeral, adoitan ter cabezas morfolóxicamente definidas e que, básicamente, encadrarían tres tipos, os tres tipos que tamén atopamos na Fortaleza da Rocha Forte: cadradas, redondas e rectangulares. Dentro destas tres tipoloxías xurdirían outras secundarias e derivadas das mesmas así, por exemplo, atoparíamos: redondas-planas, redondas-semiesféricas, cadradas-planas, rectangulares-planas, etc..

Dende un punto de vista cuantitativo e estadístico, as cabezas redondas compoñerían o grupo máis numeroso, formando o 29%. Aquí comprendemos as cabezas redondas entendidas como tales aquelas que forman máis ou menos unha circunferencia. Non estarían incluídas nin como planas nin como semiesféricas, sinxelamente forman unha circunferencia. Relacionadas con esta tipoloxía incluíríanse as de cabeza redonda-plana e redonda-semiesférica, e que dentro deste conxunto total foron entendidas por separado, conformando o 3% para as primeiras e o 5% para as do segundo. As de tipoloxía redonda-plana, incluírían aquelas cabezas que forman unha circunferencia plana dende unha perspectiva frontal. Son cabezas polo xeral de perfil aplanado e estreitas. Son as menos representativas pero non por elo as menos significativas pois, moitas das cabezas entendidas como redondeadas, probablemente poidan ser planas pero, debido ó alto grao de costra de óxido que facilita o ensanchamento do mineral, a nosa perspectiva de análise tipolóxico vese afectada neste aspecto. En canto ó conxunto composto por aquelas cabezas de tipoloxía redondeada-semiesférica, poderemos dicir que compoñen o 5% do noso total e cáseque todas estarían aconcavadas. Sen embargo, aínda que sendo un numerario escaso, este tipo de cabezas son, senón as máis características, sí as menos comúns á hora de atoparse. Están relacionadas con aqueles espigos de menor tamaño e, claramente poderían formar parte dun tipo de clavos de función específica e non moi común. Moitos deles aportan aspecto de pequenas tachuelas. Outros contan con espigo de tamaño que responde á media. En xeral, dicir que esta tipoloxía, incluíndo nela os dous subtipos de cabezas redondas, estaría caracterizada por un tipo de espigo definido: cadrado e de sección cadrada.

Como cabezas redondeadas, entenderíamos aquel conxunto de pezas formado polo 9% do total. Incluiremos neste punto, aquelas cabezas de aspecto meramente redondeado e que, debido ás deformacións provocadas pola costra de óxido e ao consecuente ensanchamento do mineral, non dan opcións a maiores definicións tipolóxicas.


Como ben se dixo anteriormente, outra tipoloxía característica sería a composta por aqueles cravos de cabeza cadrada. Este conxunto englobaría o 16 % do total, bastante por debaixo do conxunto formado polas cabezas redondas pero moi relevante en número se o comparamos dentro da valoración total. Son polo xeral, cabezas cadradas, entendendo como tales aquelas que, vistas de fronte terían catro ángulos iguais, con catro lados de igual medida. Vistos de perfil terían aspecto de rectángulo alargado, recto e plano. Polo xeral son estreitos. Dentro desta tipoloxía pero, entendidas por separado, atopamos un subgrupo provinte deste, composto por aquelas cabezas cadradas e planas. Son aquelas cabezas que, cadradas, se definen ademáis como planas, coa cara exterior totalmente aplanada. As cadradas sen máis, sinaladas máis arriba, formarían pola contra, un cadrado, pero non tendo que ser plano na súa cara exterior. Conformarían o 13% do total.

Por último, restaríamos por falar, daquelas cabezas de tipoloxía rectangular, entendendo como tales aquelas de dous lados máis longos que os outros dous. Conforman o 5% do total e entre este conxunto podemos atopalas máis ou menos planas ou lixeiramente abombadas pero estas non poderían definirse de forma moi clara dende un punto de vista tipolóxico pois, a lixeira costra de óxido presente nelas non permite facer valoracións máis profundas.

En xeral, estamos fronte a un conxunto tipolóxicamente variado, que representa a tipoloxía característica da época medieval: cravos de cabezas fortes, grosas na súa maioría pero tamén de maior precisión e detalle (como as semiesféricas aconcavadas), redondas, cadradas ou rectangulares.

No seguinte gráfico e, de xeito máis simplificado, poderemos ver as tendencias máis comúns, tendo en conta o explicado anteriormente.

## ► ANÁLISE TIPOLÓXICA DAS SECCIÓNS



A sección representaría a morfoloxía interna dos espigos, a cal nos permite coñecer máis a fondo a construción técnica á que foron sometidos. Xeralmente o tipo de sección correspóndese co tipo de espigo, non sí isto non ten porqué ser norma pois, o tipo de sección pode ser diferente á morfoloxía externa do material (raras veces).


Xeralmente, estamos fronte a espigos de sección cadrada (68%), de sección circular (1%) e de sección plana-rectangular (2%). Sábese que, cáseque a totalidade dos cravos de orixe medieval, contan con seccións e espigos de tipo cadrado, sen embargo existen evidencias tanto de seccións como de espigos circulares. O que acontece na Fortaleza da Rocha Forte é que, os espigos definidos con sección circular, indeterminada ou de espigos en sí mesmos circulares, son espigos e seccións que presentan dita morfoloxía pero que, probablemente na súa orixe fosen cadrados. Non obstante o grao alto de costra de oxidación e o consecuente ensanchamento do ferro trala súa descomposición e mineralización, non permite unha valoración real. Digamos que non son espigos ou

seccións circulares porque así fosen realizadas, senón que amosan esa forma debido ao alto grao de mineralización.

O 2% correspondente a sección de tipo rectangular-plana, reponde a un tipo de cravos determinados, onde o espigo tamén se amosa con morfoloxía rectangular, amosando dous lados máis longos que os outros dous.

En xeral podemos observar as seccións a traveso do bo estado dos cravos e aínda miyor cando a punta ou o espigo amosan un corte limpo, onde a alma dos cravos se nos mostra real.

► ANÁLISE CUANTITATIVA SEGUNDO AS UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS.



Esta é quizáis a análise que, dende un punto de vista meramente arqueolóxico, é máis significativa, pois representa o total de cravos aparecidos por U.U.E.E. (unidades estratigráficas). Elo lévanos a estudos de sumo interese posto que, podemos analizar dende o tipo de terra no que aparecen, as concicións ambientais e de humidificación da mesma (para unha análise de conservación), a súa proximidade a estruturas do castelo

nas que os cravos puideron xogar un papel importante, e mesmo o tipo de material co que aparecen (por exemplo tellas) que tamén podería aportarnos relacións de uso importantes. En definitiva, estes niveis terra, poden falarnos acerca destes metais, tanto como eles en sí mesmos.

En xeral, estamos fronte a unidades estratigráficas que conformarían depósitos, cáseque todas elas, fértiles en materiais e con niveis de terra marróns ou negras.

Para o estudo dos cravos por U.U.E.E. realizouse a seguinte selección, composta polas unidades estratigráficas máis representativas dende un punto de vista cuantitativo. Un destes porcentaxes, correspondería a aquel composto polo resto de unidades que apenas representarían a existencia de cravos pero que, sen elas, non se completaría o estudo.

A continuación móstrase a relación de U.U.EE. nas que os cravos aparecen representados:

U.E.:502	<b>RESTO U.U.E.E.</b>
U.E.:489	U.E.:521
U.E.:516	U.E.:459
U.E.:471	U.E.:495
U.E.:525	U.E.:498
U.E.:479	U.E.:451
U.E.:496	U.E.:414
U.E.:499	U.E.:452
U.E.:413	U.E.:416
U.E.:418	U.E.:427
U.E.:415	U.E.:457
U.E.:417	U.E.:511
U.E.:450	U.E.:507
U.E.:460	
U.E.:515	
U.E.:481	
U.E.:538	

Como se observa, o conxunto formado polas últimas 24 unidades estratigráficas conformarían o 17% do total do conxunto analizado, unha cifra bastante baixa se a comparamos co conxunto formado polas 5 primeiras unidades estratigráficas que, por sí soas, conformarían cáseque a totalidade dos cravos a tratar. A unidade 502, sobresáe coa maior representatividade, o seu 66% reflexa unha cantidade moito por encima das demáis unidades estratigráficas. Estamos fronte a un nivel de depósito, moi fértil en materiais, onde a cerámica constructiva, entendendo como tal a tella, está moi presente neste nivel de terra marrón. Foi habitual atopar cravos adosados a fragmentos de tellas, o que leva a pensar na posibilidade dun cubrimento a base de tellado realizado en tella, cúa suxección estería realizada cos cravos aparecidos neste nivel. Dita cubrición sería a ubicada no recorrido que faría dita unidade 502: no que vería a ser a liza, entre a falsabraga ou antemuro e o torreón.


A unidade 516, sería tamén outro depósito, un nivel de terra marrón-grisácea e tamén bastante fértil en materiais. Tamén aparecen tellas neste nivel, aínda que en menor número que na anterior. Teremos en conta que ambas U.U.E.E. están ubicadas na memas zona. Na unidade 538, sita debaixo da 516, atopamos así mesmo un nivel de depósito de terra negra, con existencia de materiais puntuais, lixeiramente fértil.

As unidades 481 e 489 (ésta sita debaixo da 481) representarían unha interface de destrución, con abundantes restos de queimado para a primeira e un depósito con nivel de tella moi representativo para a segunda. Ambas moi importantes pois, volvemos ó de antes, a existencia abundante de tellas e nivéis fértiles, lévannos a estudos moi interesantes.

É de destacar que, a totalidade de cravos de cabeza redonda-semiesférica e aconcavados, que como se dixo máis arriba, son os máis característicos e máis elaborados, pertencen todos as unidades máis representadas no noso gráfico e no noso estudio: a U.E.:502,489 e 481, respectivamente. O 90% pertencen á unidade 502, mentres que o 8% á 489 e o 1% á 481. É curioso que, alí onde se pensa nun tío de cubrición composto de tella e , probablemente de madeira (por restos de queimado) sexa onde aparece representada esta tipoloxía. Quizáis estén relacionados con algún soporte de madeira ou apuntalamiento singular. Sería un bo tema de reflexión.

► ANÁLISE CUANTITATIVA TENDO EN CONTA OS SECTORES


Ó porcentaxe representado por sectores amósanos unha perspectiva máis ampla que por unidades estratigráficas. Non sí, representa a zona explícita onde apareceron, segundo número, os diversos cravos. Así, o sector 36-46 supón o 49% do total atopado, cáseque a metade, seguido polo 27-37 con 19%. Os demais sectores estarían por debaixo destes porcentaxes pero conformarían o total de sectores onde aparecen representados estes metais.



**► ANÁLISE DENDE O PUNTO DE VISTA DA CONSERVACIÓN**

Entenderemos dentro desta análise, aqueles cravos que, estando todos en bo estado de conservación, foron clasificados de millor a peor estado de conservación. Entenderemos pois que, os que representen o 33% e se consideren como conservación “boa”, serían os de grao óptimo de conservación. O 30% composto polos de grao medio-regular de conservación representarían ó estado xeral de boa conservación e, o conxunto composto polo 37%, serían aquelas pezas que, aínda en bo estado de conservación, serían as menor grao de boa conservación. Este último é o grupo máis representativo, xa que temos que ter en conta que, na análise xeral foron incluídos os espigos e cabezas soltas que, non representan un grao óptimo de conservación por estaren seccionados ou non formar un todo como o sería o cravo.

Para alcanzar unha óptima conservación, decidiuse introducir cada cravo dentro dunha bolsa de autocierre transparente, rodeado de xel de sílice (o miyor para a súa deshumidificación) e a súa vez en caixas ou bolsas transparentes. Así mesmo, atópanse en caixas, clasificados por U.E. sectores e tipoloxías.



## **2.2. MATERIAIS DE BRONCE E FERRO\***

### **A.- BRONCE**

#### **2.2.1. BRONCES ORNAMENTAIS DE USO PERSOAL**

Encadraremos neste punto todos aqueles materiais que, estando elaborados en bronce, responden a unha finalidade concreta: o uso persoal e/ou ornamental. Agrupados tipolóxicamente, atopamos obxectos de certa diversidade e singularidade, non sí, deixaremos para última instancia aqueles outros obxectos que non responden a unha tipoloxía definida ate o momento.

En xeral estamos diante de pezas elaboradas a molde, con acabados pulidos e dourados. O 70% aproximadamente aparece represenatada dentro da unidade estratigráfica denominada 502, en cada un dos seus sectores definidos.

Todos e cada un deles seguiron tratados de exhumación e limpeza específicos que fixeron posible a súa continuada boa conservación.

#### **2.2.2. APLIQUES VARIOS**

Conxunto de cinco apliques sendo un deles de ferro pero que, debido ó ser o único aplique desta materia foi considerado dentro deste grupo tipolóxico por responder as mesmas características de uso xerais. Os catro restantes estarían representados por un aplique zoomorfo, un aplique de aretes xiratorio, un aplique con forma de vieira e outro con morfoloxía indeterminada pero que fai as veces dunha asiña moi diminuta (en U). Destaca dentro deste conxunto, así como en xeral entre tódolos materiais atopados nesta campaña, o aplique antropomorfo. Tanto a súa singularidade como características propias fan del unha peza singular. Representa un animal tipo saurio, a súa decoración a base de escamas que cubren o corpo ou a cola en espiral, levan a pensar neste tipo de fauna. Conserva parte do dourado inicial do bronce, conta cun arrinque de enganche

---

<sup>1</sup>\*Este estudio foi realizado pola alumna de 3º ciclo Goretti González Vila

circular na súa face interior o que fai pensar nunha posible suxección todavía non determinada, xa que pode ser un aplique de móbel ou ben ser un adorno persoal.

Como peza característica teremos en conta tamén o aplique xiratorio mencionado máis arriba. Ten a súa singularidade en que conserva por completo o seu mecanismo xiratorio, composto por un engranaxe de dous aretes unidos por unha peza transversal que as une e fai posible o seu funcionamento. A súa función específica non a sabemos pero cabe pensar que formaría parte dun tahalí.

A terceira peza a destacar, sería o aplique ou colgante con forma de vieira. Conta con colgante circular na súa parte superior, conserva as marcas de decoración realizadas a molde (estrias da vieira). A moza moita presenza de costra de óxido pero, a súa morfoloxía atópase intacta. A simboloxía xacobeá reflexada neste obxecto, amósase presente no contexto material do castelo, residencia de obispos composteláns.

Por último cabe destacar un aplique probablemente tamén máis de adorno mobiliar que persoal pois por sí só, non podemos concluir até o momento moito máis. Ten forma de “U” aberta, é aplanado e de sección rectangular-aplanada.

En canto o aplique realizado en ferro, dicir que asemella bastante o aplique xiratorio do que xa falamos, coa diferenza de que este non xira, pero coa semellanza de que morfológicamente son case idénticos, polo que pensamos que teñan función similar.

### **2.2.3. POSIBLE ANEL**

Susceptible de futuros estudos, a seguinte peza se nos mostra de carácter moi relevante. Tras varias hipóteses especuladas, todo parece indicar que nos atopamos, ou ben diante dun anel de estilo sinxelo, circular, de sección rectangular-ovalada, e con motivos decorativos que responden a unha serie de liñas dun cm. de grosor dispostas de forma oblícuas, ou ben dun aro traballado e decorado que podería pertencer como aplique dalgún obxecto non identificado até o momento. Consérvase en bo estado de conservación.

#### **2.2.4.- BOTÓNS**

Conxunto de sete botóns que conservan o arrinque do enganche ou aplique na súa face interior. Exceptuando dous deles, os cinco restantes contan coa mesma morfoloxía: botóns circulares abombados ou aplanados. Cabe destacar a importancia dos outros dous botóns, todavía susceptibles de futuros estudos que quizáis leven a concretar a idea de posibles apliques. Contan con enganche de tipo circular, son de tamaño moi diminuto e atópanse en bo estado de conservación. Un deles parece representar un motivo floral, semella unha flor de catro pétalos, sen embargo o outro resulta ser unha vieira que, xunto co aplique do apartado anterior que tamén venera, forman unha das pezas mais características en canto á relación entre o castelo e a simboloxía xacobeá.

#### **2.2.5.- ACUS CRINALIS: OS ALFINETES OU AGULLAS DE TOCADOR**

Conxunto dezaseis agullas ou alfinetes (do latín acus crinalis). Sete delas se nos presentan enteiras, é dicir, contan con cabeza definida, espigo e punta. Polo xeral están dobradas cara a punta ou ben á metade en forma de “L”. A cabeza segue unha regra xeral: é circular, está valeira e engarza ó espigo dentro dela. O espigo non sobre pasa o milímetro de espesor polo que estamos fronte a agullas de traballo fino e delicado. Realizadas a molde, a cabeza parece estar realizada de forma independente ó espigo (polo que se observa en fragmentos seccionados). Algunha delas conserva parte do dourado inicial do bronce e a punta soe ser de sección circular ó igual que o espigo, pero apuntada e afiada. Os fragmentos atopados responden inicialmente a partes intermedias dos espigos (excepto unha punta atopada). Algún deles atópase valeiro por dentro e outros resultan macizos, o que podería levar a estudos tipolóxicos futuros. Dende un punto de vista tipolóxico todas seguen as mesmas características.

En canto ó seu uso específico, barállase a posibilidade de que, debido á morfoloxía destas pezas, pudiesen servir como enganche-suxección de vestimenta, hábitos, etc.

### **2.2.6.- OUTROS BRONCES: OS ELEMENTOS INDETERMINADOS**

Neste conxunto encadraremos un par de aros ou aretes de uso indeterminado, unha especie de tira de bronce en forma de 9 e unha tira de bronce que formaría parte dalgún obxecto ou utensilio pero que, por si soa non pode revelarnos moito máis.

### **B.- FERRO**

Dentro deste apartado inclúense aquelas pezas que, elaboradas en ferro responden a grupos tipolóxicos definidos, exceptuando as pezas incluídas no último punto que, debido á súa morfoloxía específica non poden, ate o momento, seren incluídas en ningún grupo tipolóxico específico. Cada unha das pezas que compoñen este conxunto, foi tratada como debia, seguindo pautas de limpeza e conservación estipuladas. Ó igual que acontece cos materiais bronceos, o xeral do material atopado en ferro, inclúese dentro da mesma unidade estratigráfica, a denominada: 502, en cada un dos seus sectores definidos.

Debido ó material do que están compostos, a presenza de oxidación é evidente en cada unha das pezas non sí, e polo xeral, son materiais que se atopan en bo estado de conservación.

### **2.2.7.- USO PERSOAL: AS FIBELAS**

Conxunto de sete fibelas elaboradas en ferro e de cor amarronado e óxido. Son pezas todas elas bastante groseiras e someras. Polo xeral, estamos diante de pezas de morfoloxía circular ou cadrada, onde a maioría delas, conservan a agulla que as engarza. Excepto dúas que aparecen seccionadas, as demais consérvanse enteiras.

### 2.2.8.- EQUIPAMENTOS: FERRADURAS E ESTRIBOS

Conxunto de oito ferraduras dúas das cales se conservan enteiras. Teñen forma de “U” invertida, con sendos aguxeiros a cada lado para o perfecto ensamblaxe na pezuña do animal. Son de tamaño reducido polo que cabe pensar que pudiesen pertencer a animais máis pequenos que os cabalos, como por exemplo os burros ou asnos, así como que puidese tratarse de poltros. O que sí está claro é que as investigacións referentes a este tema poden levar a coñecementos relacionados coa existencia faunística do castelo. Neste apartado, inclúese un estribo con forma de omega, consérvase enteiro e en bo estado de conservación. Tamén resultaría pequeno se o relacionásemos con cabalos.

### 2.2.9.- ARGOLAS E ESLABÓNS

Conxunto de catro argolas e un eslabón de morfoloxía circular e de sección tamén circular. As argolas son de tamaño máis ou menos grande. Amosan costra de óxido e a súa función estaría indeterminada. O eslabón, pola súa contra, é de morfoloxía rectangular e de sección rectangular. É de gran tamaño e a súa función, tamén até o momento estaría indeterminada. Quizáis poda denominarse arnés.

### 2.2.10.- CHAVES, “BISAGRAS” E GANCHIÑOS

Conxunto de tres chaves, dúas delas de maior tamaño que a outra. As de maior tamaño quizáis poidan pertencer a cerraduras de portas ou similares. O que está claro é que a chave máis pequena aparece xunto a un conxunto de moedas na unidade estratigráfica 502. Posiblemente pertenza como cerradura de sarcófago ou similar, polo tamaño e pola situación e contexto no que aparece (xunto a un grupo de moedas de diversa tipoloxía). Conta con cabeza circular, corpo pseudo-rectangular e dentes seccionados.

O seguinte conxunto, estaría composto por un grupo de sete “bisagras” denominadas como tal porque aparentemente e rexíndonos pola morfoloxía que mostran, aparentan formar parte do engranaxe móvil que suxetaría e faría funcionar por exemplo unha porta,

un sarcófago, etc.. Amosan restos de óxido, son de grande tamaño e amósanse en estado de conservación medio.

O último conxunto de pezas incluído neste apartado, sería o composto polos ganchiños, aquelas pezas (tres) que morfolóxicamente teñen forma de ganchos, en forma de 9 ou de pequenas pracas das que sobresáe un gancho en forma de L. Formarían parte dun obxecto pero por sí soas non poden especificar unha función determinada.

### **2.2.11.- USO DOMÉSTICO: AS ASAS DE CALDEIROS**

Neste apartado inclúense unha asa de “sítula” e parte dun caldeiro que conserva tamén o agarradoiro. Están moi deteriorados, sobre todo este último, amosando bastante presenza de costra de óxido. Quizáis poda levar a estudos futuros, onde a existencia de recipientes cerámicos se vexa acompañada pola presenza de recipientes metálicos de uso descoñecido até o momento.

### **2.2.12.- OUTROS: OS ELEMENTOS INDETERMINADOS**

Inclúense oito fragmentos de ferro, a modo de pequenas e grandes pracas metálicas. Aparecen de xeito independente a outras pezas, tanto o contexto como elas intrínsecamente non poden, até o momento, indicarnos unha utilidade fiable.

Existe ademáis, unha peza que aparentemente semella poida pertencer a unha chave pero que, debido ó seu deterioro e fractura, todavía se amosa susceptible de estudio.

**CONCLUSIÓNS A, B:** en xeral estamos diante dun conxunto de 46 peñas de bronce e 39 de ferro. O 75% do material aparece relacionado coa unidade estratigráfica 502 en calquera dos seus sectores definidos. Un material que se conserva tal como apareceu, nun estado de conservación bo-medio, susceptible de futuros e interesantes estudos e que, dentro do pequeno número que en relación co resto de materiais atopados supoñen, sorprenden pola súa variedade e singularidade.

### 3.- ARMAMENTO\*

La Fortaleza de A Rocha Forte según las fuentes fue asediada por 10 o 12.000<sup>7</sup> miembros de la hermandad. Un grupo fundamentalmente urbano ( los que vienen de Santiago a tomarla ) y campesino ( gentes de alrededores enroladas a la causa y que ya habían sufrido agravios de los tenentes del castillo ) que según el testigo del Pleito Tabera - Fonseca Pedro de Vigo la “trabucan” hasta que la tomaron. Los restos de material bélico hallados en la campaña 2004 nos dan pequeñas pistas de este asedio.

La multitud de bolaños<sup>8</sup> aparecidos nos indican pruebas fiables del asedio que sufrió el castillo. Disponemos de diversos tamaños; 40-50 o 18 cm. De diámetro, e incluso mayores; todos de granito y muy posiblemente extraídas de las mismas canteras, en las cercanías del castillo. Apreciamos en estos bolaños un diverso nivel de trabajado en la piedra, distinguiendo los bolaños toscamente cortados ( a bisel ) también guardando una forma esférica, y atribuibles a ingenios de asedio con un mecanismo de contrapeso (manganas, algarradas o trabucos). En el siglo XV se intercalaba su uso<sup>9</sup> con el de artillería de pólvora, de la que también encontramos proyectiles, éstos de mejor y más pulido acabado<sup>10</sup>. Estos hallazgos se encontraron entre los restos arquitectónicos del castillo, así que los podemos relacionar directamente con la destrucción del mismo.

---

\* Este estudio foi realizado polo alumno de 3º ciclo David Fernández Abella

<sup>7</sup> Pleito Tabera Fonseca tomo II; testigo Juan Prateiro (folio 1130 V0) pag. 321.

<sup>8</sup> Proyectiles de Piedra. El uso de la piedra en este caso no estaría condicionada a una tecnología más atrasada, ni siquiera a un mayor abaratamiento de los costes, que sabemos que eran similares a la fabricación de proyectiles metálicos. Debemos atribuirlos pues a ser una tendencia predominante en el siglo XV y a una mayor disponibilidad de materia prima y profesionales encargados de su factura en piedra.

<sup>9</sup> Tenemos numerosos ejemplos, entre los cuales nos viene perfecto el testimonio del Pelito (pag. 335) donde relata la traída de Santiago de I trabuco y bombardas para asedia a Rocha Forte. La no total efectividad de las armas de pólvora en el siglo XV hace que su uso sea común junto con los ingenios de contrapeso, que efectividad más que probada, al menos desde el siglo XII.

<sup>10</sup> Los canteros encargados las rodaban y trabajaban hasta darles un aspecto pulimentado No era un trabajo inútil, sino que su finalidad era no obturar la caña de la pieza.; que por otra parte era una situación frecuente y traía la explosión del arma.

El alto grado de fragmentación que presentan debemos relacionarlo con su impacto. Sabemos que un gran número de los bolaños de piedra lanzados en un asedio rompía al golpear el edificio.

Los bolaños enteros encontrados podemos atribuirles su entereza al golpeo con partes “blandas”<sup>11</sup> del castillo o bien al impacto y rebote con partes “redondas”<sup>12</sup> que debido a su gran efectividad se va generalizando en la configuración de los castillos peninsulares desde el siglo XIV.

Las puntas de flecha y saeta encontradas, (y que denominaremos genéricamente lances) un total de ocho parecen corresponder a proyectiles de ballesta, excepto uno, que por sus diferentes características formales ( maciza, de aproximadamente la mitad de largo que las otras piezas - 3,6 cm. - e igualmente de grosor - 0,5 cm - ) podría corresponder a una flecha de arco.

En el resto predomina su diversidad hipológica, lo cual no sorprende<sup>13</sup>. Predominan los enmangues huecos ( donde introducir el astil ) con un grosor predominante de 1 cm. Y una longitud media de 6-7 cm..

Tres de ellas siguen la misma tipología<sup>14</sup>. Tienen una punta propiamente dicha de tipo piramidal (de unos 3 cm. De longitud) y en dos de ellas se aprecian signos de golpeo ( la punta se ha desviado ) con estructuras macizas, lo que nos hace suponer su uso por los sitiadores, al igual que otra punta, de cabeza romboidal, aparecida durante la limpieza

---

<sup>11</sup> Léase madera, vanos si similares.

<sup>12</sup> Fuentes árabes muestran la satisfacción que sienten moros peninsulares asediados cuando proyectiles cristianos golpean en cubos y otras partes de forma circular del castillo y rebotan, cayendo al suelo in causar el más mínimo daño.

<sup>13</sup> Tratados de ballestería y montería del XVI relatan como hay 16 tipos de ballesta, teniendo cada una su propio tipo de lance, y no especificando más en el tema. De todas maneras debemos tener en cuenta que no solo la diferencia de las puntas marcaría un lance diferente, sino también los astiles y el emplumaje, que desgraciadamente casi nunca se conservan.

<sup>14</sup> 1 cm. De diámetro en el enmangue y 6,5 cm. De longitud.

superficial del terreno, y medidas muy similares ( 6 cm. Longitud y 1,2 cm de diámetro en el empuñadura ).

El resto de las puntas tenemos dos de uso mas marcadamente militar: una que correspondería a una punta tipo virote, de forma cónica y también parcialmente hueca de unos 7 cm. De largo, y a una punta tipo cuadrillo, con cabeza de forma cuadrangular y una longitud de 8,5 cm. Los dos tipos son modelos muy usados en combate en la época, si bien los cuadrillos ya estaban quedando anticuados, con respecto a la evolución de las defensas unipersonales de la época.

El último modelo es una punta maciza y forma piramidal, que se agranda hasta mas o menos la mitad de la pieza, y volver a estrecharse. Su longitud (8,5 cm) y sus peculiares características nos hacen reflejar otras posibilidades para este objeto, como su adscripción a ballestas de asedio<sup>15</sup> o a proyectiles de tipo pirobalística<sup>16</sup>, debiendo someterla a nuevos estudios.

Como es lógico, porcentualmente el peso del asedio no lo han llevado las armas tipo ballesta pues los hallazgos son mas bien escasos<sup>17</sup> en comparación a la zona excavada y el volumen encontrados de otros proyectiles, como los de piedra. Quizás podamos suponer, que la segura obtención el castillo, visto el abrumador cerco que nos hacen intuir las fuentes limito el asedio al seguro martilleo de los lienzos del castillo y al algún poco relevante lanzamiento de proyectiles<sup>18</sup>

---

<sup>15</sup> Espingardas y otras ballestas montadas en un cuadro y movidas a torsión, de uso en asedios.

<sup>16</sup> Proyectiles usados por los primitivos cañones, que usaban munición similar a la usada en armas como la ballesta o es arco más que proyectiles de tipo circular.

<sup>17</sup> Diez mil o doce mil hombres con armas de haber usado profusamente la ballesta debería haber dejado más testigo, pues debemos calcular una media de 16 lances por ballestero, y sabemos que no suelen ser armas reutilizables. Con lo cual deberían haberse conservado in situ.

<sup>18</sup> De todas formas debemos suponer más intenso el uso de ballestería por los sitiados, resguardados en almenas y adarves y más adecuados ante los asediados que al contrario. Una futura Prospección de los alrededores quizás pueda darnos resultados satisfactorios en este sentido.

En cuanto al arma cortante, aparecida en el adarve, debemos señalar que es un útil con una finalidad principalmente cortante y no punzante, con una hoja provista de un solo filo, forma rectangular y rematado en punta, y una empuñadura apta solo para su uso a una mano. Pese a su inclusión como arma debe encuadrarse dentro de una clara multifuncionalidad, que nos puede indicar un posible origen popular, y no una finalidad clara y exclusivamente militar.

Hasta el siglo XIII el cuchillo era el arma del soldado de infantería por excelencia. Era fundido en una pieza e incorporado un mango de madera envuelto con correas de cuero. En el siglo XIII tenemos varios ejemplos de cuchillos de gran tamaño<sup>19</sup> usados indistintamente por civiles y soldados, a partir del cual pierde progresivamente terreno frente a la daga<sup>20</sup> en el campo militar.

El objeto hallado tiene una longitud total de 42 cm. (8 cm. De estos pertenecen a la empuñadura) y ha aparecido doblado, formando un ángulo de aproximadamente unos 90 grados. Esto quizás pueda darnos una pista de su abandono. Su hoja es rectangular, plana y rematada en punta y su sección plana y triangular. El lomo es de sección cuadrada y mayor longitud que el filo, diseñado para un corte frontal. Su empuñadura conserva conservaba 3 remaches para la sujeción del mango (sea una pieza completa o unas cachas de madera) uno anterior y dos posteriores, apreciándose fragmentos residuales de madera en ella, recogidos para su posterior estudio. Parece disponer de una especie de pomo plano, rematando el puño, lo que quizás vendría a afirmar, por la posición de la mano su preferencia cortante, a la punzante, que también sería factible.

Por último, el otro objeto de tipo bélico encontrado, parece ser una daga perfora mallas; arma de hierro provista de espiga y con sección triangular, de una longitud total de 33 cm., un espesor variable de unos 6-3 cm. Y un ancho de 2-2,8 cm.. La hoja es

---

<sup>19</sup> De 30 a 50 cm., como el bracamarte. Su versión de la zona germana era llamada *hauswehr* o *bauewehr*, literalmente arma "de casa" o "de campesino".

<sup>20</sup> Debemos dejar claro que la diferencia fundamental entre un objeto cortante definido como cuchillo, y una daga es fundamentalmente que esta última, al igual que la espada estaba provista de una guarda y una empuñadura.

rectangular y plana, acabada en punta y parece provista de un único filo. Su espiga es rectangular y plana, con una longitud de unos 7,5 cm. Parece corresponder a un puñal típico de los años finales del siglo XIV al XVI llamados popularmente dagas de misericordia, por ser usada por los cuchilleros y caballeros para “dagar” al adversario, dándole el golpe de gracia. Su aparición y difusión viene a responder a la evolución de la armadura personal, llamada “arnés blanco” o armadura de placas. Este puñal vendría a responder a un arma que pueda perforar por las juntas de las armaduras y causar un daño de tipo punzante. Parece un modelo muy usado, tanto por la nobleza, que lo incorpora a su equipo de batalla, sustituyendo a la daga de corte típica, los guerreros profesionales, que lo usan como arma secundaria de defensa-ataque<sup>21</sup>, o a los elementos civiles, que las llevaban en la vida cotidiana para defenderse de las agresiones. Tenemos múltiples ejemplos de este tipo de arma, reflejando la aparición de otro puñal en las excavaciones del castillo de Moeche, de tipología y medida<sup>22</sup> muy similar, si bien este conserva la guarda de bronce, que permite catalogarlo tipológicamente con una mayor precisión<sup>23</sup>. La no aparición de la guarda puede deberse a su realización en materiales perecederos, madera o asta recubiertos usualmente por tiras de cuero, que el grado de humedad de la zona ha impedido conservar.

---

<sup>21</sup> Su uso generalmente asociado a guerreros provistos de armas de asta larga o ballesteros, que la portan como arma secundaria o específica de los cuchilleros integrantes de una lanza nobiliar, y que ven en éste un arma efectiva y barata para acometer a los casi inexpugnables caballeros.

<sup>22</sup> 25 cm de hoja.

<sup>23</sup> Sería la denominada daga de testículos, daga de riñones francesa o bollock-knife, muy corriente en Escocia.

## 4.- NUMISMAS\*

### 4.1.- INTRODUCCIÓN E ANÁLISE ARQUEOLÓXICA


Conxunto de trinta e nove (39) pezas das cales trinta (30) son moedas, seis (6) son consideradas fragmentos de moedas e tres (3) son denominadas ilexibles, por estar en mal estado de conservación e non poder contar con identificación tipolóxica posible. O conxunto de moedas ó que nos afrontamos nesta campaña, caracterízase por ser un conxunto de grande diversidade é a súa vez por amosar grande complexidade. Digamos que a diversidade vennos dada pola variedade tipolóxica exhumada, no conxunto de trinta (30) moedas enteiras, atopamos tipos de grande interese tanto numismático como arqueolóxico e cronolóxico. Dende moedas de corrente e común acuñación, ate moedas de emisións especiais e esporádicas das que comúnmente se teñen pouco coñecemento. Nembargantes, a grande complexidade ou hándicap que xorde á primeira vista, é o tema relacionado co contexto no que aparecen. É dicir, en xeral, de todos é sabido que o contexto arqueolóxico da peza ou material exhumado, pode revelar información de grande interese, tanto para o contexto en sí mesmo no que aparece como á inversa, para a peza en sí mesma. As moedas neste aspecto, foron materiais que sempre resultaron ser de grande axuda cando soen aparecer nun xacemento destas ou doutras características. O que sí está claro, e que as moedas poden datar á perfección, tanto o nivel ou unidade estratigráfica na que aparece, como os elementos que aparecen no seu contexto, como o xacemento ou parte del en sí mesmo. Tendo en conta a análise arqueolóxica a que nos referiremos máis abaixo (ver gráfico 1), cáse a totalidade do material exhumado aparece referenciado na mesma unidade estratigráfica, a u.e.: 502, en cada un dos seus sectores definidos. Se nos centramos na ubicación e posicionamento desta unidade (básicamente comprende a totalidade da liza, entre a ante-muralla (U.E.:518) e o torreón (U.E.:509 e a súa conexión coa cerca este), darémonos de conta de algo esencial: a case terceira parte do material atopado situámolo fóra do propio castelo. Ademáis, a complexidade

---


\* Este estudio foi realizado pola alumna de 3º ciclo Goretti González Vila

engrándase cando temos en conta á cronoloxía dos tipos aparecidos, así, nunha mesma unidade estratigráfica podemos atopar dende un óbolo de vellón de Afonso X (1252-1284) ate unha blanca de vellón de Enrique III (1390-1406). Futuros estudos serán os que nos poidan aclarar algo máis acerca destas cuestións que, sen dúbida, poden levar a teorías e conclusións, alomenos reveladoras.

-GRÁFICO 1



-GRÁFICO 2



## 4.2.- ANÁLISE TIPOLOXICA

En canto a importancia do conxunto como valor tipolóxico, a variedade cronolóxica, morfolóxica, estilística, de emisión e acuñación, é tal, que amósase a continuación a referencia de achádegos para así poder entender de forma xeral a totalidade dos numismas atopados.

SIGLA	NOME	CRONOLOXIA
RF-04/457/2184	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2012	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2009	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2010	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2005	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2008	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2001	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2002	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2011	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2006	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2186	BRANCA DE VELLÓN	1390-1406

	DE HENRIQUE III	
RF-04/502/2185	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2004	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/502/2014	ÓBOLO DE VELLÓN DE AFONSO XI	1312-1350
RF-04/502/2667	NOVEN DE VELLÓN DE HENRIQUE II	1369-1379
RF-04/502/2293	NOVEN DE VELLÓN DE HENRIQUE II	1369-1379
RF-04/502/2336	CORNADO DE VELLÓN DE SANCHO IV	1284-1295
RF-04/502/2003	CORNADO-VELLÓN DE XOÁN I-CASTELA	1379-1390
RF-04/502/2007	CORNADO-VELLÓN DE XOÁN I-CASTELA	1379-1390
RF-04/502/2303	CORNADO-VELLÓN DE XOÁN I-CASTELA	1379-1390
RF-04/502/2299	CORNADO-VELLÓN DE XOÁN I-CASTELA	1379-1390
RF-04/502/2294	CRUZADO DE VELLÓN DE HENRIQUE III	1369-1379
RF-04/502/2000	REAL DE VELLÓN DE XOÁN I-PORTUGAL	1357-1433
RF-04/462/4037	CEITÍ DE AFONSO V DE PORTUGAL	1438-1481


RF-04/427/2296	CUARTO DE HENRIQUE IV	1454-1474
RF-04/502/2013	POSIBLE NOVEN DE HENRIQUE III	1390-1406
RF-04/489/2334	POSIBLE DIÑEIRO- VELLÓN DE AFONSO X	1252-1284
RF-04/489/2298	POSIBLE NOVEN VELLÓN DE AFONSO X	1252-1284
RF-04/489/2304	POSIBLE ÓBOLO VELLÓN DE AFONSO X	1252-1284
RF-04/502/4041	DIÑEIRO DE FERNANDO IV	1295-1312
RF-04/413/2295	ILEXIBLE	?
RF-04/413/2301	ILEXIBLE	?
RF-04/502/2668	ILEXIBLE	?
RF-04/489/2335	FRAGMENTOS	
RF-04/489/2666	FRAGMENTOS	
RF-04/489/2300	FRAGMENTOS	
RF-04/502/2333	FRAGMENTOS	
RF-04/536/4040	FRAGMENTOS	
RF-04/502/2297	FRAGMENTOS	

En total, estamos diante de:

- Trece brancas de vellón de Enrique III
- Dous óbolos, un de Afonso XI e outro probable de Afonso X

- Dous noven de vellón, un de Enrique III e outro probablemente de Enrique II.
- Seis cornados de vellón de Xoán I
- Un cornado de vellón de Sancho IV
- Un cruzado de vellón de Enrique II
- Un real de vellón de Xoán I de Portugal
- Un ceití de Afonso V
- Un cuarto de Enrique IV
- Un diñeiro de Afonso X
- Un diñeiro de Fernando IV
- Un noven de Afonso X
- Seis fragmentadas
- Tres ilexibles

## -GRÁFICO 2



Como observamos, as brancas de vellón representan a maioría tipolóxica coa que contamos, significando un 32% do total dos 39 numismas atopados. Este tipo de moedas destacan pola súa abundante emisión así como a grande variedade de cecas que mostran. As brancas de vellón foron moedas moi recurridas e que se acuñaron durante bastante tempo, ademáis o seu baixo valor como metal fíxoas un modelo de emisión bastante recurrido polos diversos reis que as mandaron acuñar. Así mesmo os reis que as acuñaron foron bastante flexibles á hora de deixar crear casas de emisión para as brancas de vellón en moi diferentes lugares.

En segundo lugar, e bastante por debaixo das brancas de vellón, temos os cornados de vellón e as moedas fragmentadas, onde estas últimas non corresponderían a unha tipoloxía de numismas pero sí a ese outro grupo de moedas fragmentadas ó que nos enfrontamos. Ámbalas dúas opcións supoñen o 24% e 12% respectivamente. Os cornados de vellón foron moedas de non tan proclive emisión como as brancas pero si fermosas na súa morfoloxía e detalle de acuñación.

O conxunto formado polos noven de vellón e que significaría o 10% do total dos numismas, representan un conxunto bastante complexo de por sí. Dous deles son noven definidos como tales, pero outros dous están pendentes de estudos máis exhaustivos, aínda que todo apunta a que tamén, cáseque con certeza sexan noven, ó máis complexo sería en canto a qué época pertencen, xa que o estado de conservación non deixa confirmar polo momento moito máis.

O seguinte conxunto, como ben se pode observar no gráfico, está composto por os numismas que se nos presentan totalmente ilexibles, así como aqueles que todavía están sen identificar e que, probablemente nunca poidan chegar a estalo pois o estado de conservación de ambos grupos é deteriorado e elo impide maiores reflexións. Sen embargo deixamos unha porta aberta a futuros estudos no referente a ese grupo que, sen chegar a definilos xa como ilexibles, tampouco podemos identificalos tipolóxicamente no que respecta até o momento.

Para o final, e non por elo menos importante, restarían varios conxuntos tipolóxicos, todos e cada un deles, casualmente, comendo o 3% do total dos numismas. Un total de

seis grupos tipolóxicos que completaría o total do noso gráfico. Un real de vellón, un cruzado de vellón, un ceití portugués, un cuarto de vellón, un diñeiro e máis un óbolo de vellón conformarían o 100% deste conxunto. Cabe destacar que iste tipo de moedas son de moi difícil achádego arqueolóxico xa que a maioría delas sábese que se acuñaron de xeito escaso, en períodos bélicos algunhas das veces, moi puntualmente e que polo tanto, coñécense moi poucos exemplares. Deste xeito, destacarían o cruzado de vellón acuñado en Santiago (venera diante do busto e descoñécese outro exemplar de iguais características) ou o óbolo de vellón.

### **4.3.- ANÁLISE CRONOLÓXICA**

Dende un punto de vista de interese cronolóxico, a nosa etapa de estudo comprendería, dende 1252 co inicio do reinado de Afonso X o Sabio ate 1474 co remate de reinado de Enrique IV, entre os cales estarían os reinados que tamén nos competen: o de Sancho IV, Fernando IV, Enrique II, Xoán I e Enrique IV. Todo isto no que se refire os reinados casteláns-leoneses reflexados na maioría dos numismas. En canto as dúas moedas portuguesas atopadas, estaríamos a falar dos reinados de Xoán I, iniciado en 1357, e o reinado de Afonso V, rematado en 1481 (aínda que o ceití atopado pode responder as primeiras emisións deste reinado- amosa DOMINUS na lenda).

En xeral, nove reinados diferentes, a falar de moi diferentes datas de emisión de moeda e de algo que, a priori, tamén nos resulta interesante: a diversidade tan ampla de cecas á que nos enfrontamos, o que nos levará a estudos futuros sen dúbida, moi interesantes. O estudo de datas de emisión poderá revelarnos o tempo de circulación válido para estas moedas, o cal pode explicarnos o porqué de tanta variedade mesturada, de posibles desusos en anos específicos, do tipo de moeda acuñada, se pertence a períodos bélicos, a emisións de pago específicas, como moedas de uso cotiá, etc.

A continuación móstrase un cadro sinóptico e cronolóxico que encadraría os numismas da Rocha Forte emitidos polo reino castelano-leonés.

-	<b>AFONSO X O SABIO</b>	<b>1252-1284</b>
-	<b>SANCHO IV O BRAVO</b>	<b>1284-1295</b>
-	<b>FERNANDO IV</b>	<b>1295-1312</b>
-	<b>HENRIQUE II</b>	<b>1369-1379</b>
-	<b>XOÁN I</b>	<b>1379-1390</b>
-	<b>HENRIQUE III</b>	<b>1390-1406</b>
-	<b>HENRIQUE IV</b>	<b>1454-1474</b>

Nembargantes, non tódolos numismas atopados pertencen a emisións ou reinados casteláns-leoneses, xa que, como ben deixemos máis arriba, dous deles pertencerían a coroas portuguesas.

-	<b>XOÁN I</b>	<b>1252-1474</b>
-	<b>AFONSO V O AFRICANO</b>	<b>1438-1481</b>

En definitiva, un amplo marco cronolóxico duns douscentos anos, a expensas do que nos revelen as marcas de ceca, e nos leven a falar de emisións en datas máis concretas.

### **CECAS E MARCAS DE CECA**

Tanto o estudo das cecas como as marcas de ceca e de emisións específicas, son cecais o elemento morfolóxico das moedas que máis axuda á súa identificación, datación e ubicación xeográfica. Así mesmo, son tamén relevantes neste aspecto, as correntes e variantes dos tipos, efixies, epigrafas das lendas, as lendas en sí mesmas, as variantes nos campos, exergos, etc. Todo elo axuda á comprensión xeral dun todo, e cando contamos ca presenza visible dunha marca de ceca ou dun símbolo ou letra, a nosa sorte vese acrecentada. Non sí, nesta campaña contamos con moedas que carecen de marca algunha de ceca, ben porque tamén se daba o caso de non identificar especificamente as emisións, ben porque a moeda atópase en estado de deterioro grave. Nembargantes, algunhas das moedas que carecen visiblemente de marca de ceca poden ser

identificadas, e de xeito así o foron, tanto pola súa morfoloxía específica que xa a fai identificable, como por outra serie de características intrínsecas da propia moeda que xa nos leva a tipos definidos e casas de emisións definidas.

Neste campo, teremos que resaltar a importancia do cruzado de vellón, isa moeda da que só se sabe que existe dito exemplar. Venera diante do emperador, seguindo a tipoloxía estándar, sorprende por contar con este tipo de marca de ceca, coñécense moedas que veneran detrás do busto, baixo o castelo, etc, con casa de emisión ubicada en Coruña, non sí, esta nova aparición, poda levarnos a pensar nunha posible acuñación en Santiago e, porqué non no castelo. Non existen evidencias arqueolóxicas que o poidan demostrar pero, entendendo que son moedas de acceso permisible por parte de determinadas coroas para acuñar e tendo en conta, tanto a importancia como a magnitude do castelo, non sería imposible pensar ou barallar esta hipótese. O que sí está claro e que é o único exemplar coñecido até o momento, e iso por sí só, podería aportar moito no eido da numismática medieval.

A continuación móstrase unha táboa aclaratoria na que se observan as tendencias, non sí, podemos concluir que aparecen representadas as cecas máis comúns dos séculos XIV-XV, tales como Burgos (seis exemplares), Sevilla (catro), Cuenca (duas), Coruña (duas), Santiago (1?), Tolettum (duas). Como cecas extranxeiras, teremos en conta o real de vellón de Xoán I, que amosa L, Lisboa, como marca de ceca, así como o ceití, do que de momento se descoñece a súa casa de emisión, aínda que Ceuta, O Porto ou Lisboa eran as cecas máis recurridas.

RF-04/502/2009	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Posible T de Tolletum (Toledo).
RF-04/502/2010	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Posible S de Sevilla.
RF-04/502/2005	BRANCA DE VELLÓN DE	Cuenca. Marca de ceca : cunco, debaixo do castelo.

RF-04/502/2008	HENRIQUE III BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Coruña. Marca de ceca: venera (vieira) debaixo do castelo.
RF-04/502/2001	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Tolletum. Marca de ceca: T (Toledo) debaixo do castelo.
RF-04/502/2002	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Intúese marca de ceca pero esta é ilexible. Amósase en liñas de lóbulos inferiores.
RF-04/502/2011	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Sevilla. Marca de ceca: S, debaixo do castelo.
RF-04/502/2006	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Sevilla. Marca de ceca: S, debaixo do castelo.
RF-04/502/2186	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	ILEXIBLE
RF-04/502/2185	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	ILEXIBLE
RF-04/502/2004	BRANCA DE VELLÓN DE HENRIQUE III	ILEXIBLE
RF-04/502/2014	ÓBOLO DE VELLÓN DE AFONSO XI	Burgos. Marca de ceca B, baixo castelo e posiblemente tamén debaixo do león.
RF-04/502/2667	NOVEN DE	

	VELLÓN DE HENRIQUE II	
RF-04/502/2293	NOVEN DE VELLÓN DE HENRIQUE II	Burgos. Marca de ceca B, baixo castelo.
RF-04/502/2336	CORNADO DE VELLÓN DE SANCHO IV	ILEXIBLE
RF-04/502/2003	CORNADO- VELLÓN DE XOÁN I- CASTELA	Burgos. Marca de ceca B ,baixo castelo. Variante Burgos con marca B e V ós lados do vástago central.
RF-04/502/2007	CORNADO- VELLÓN DE XOÁN I- CASTELA	Sevilla. Marca de ceca S ,baixo castelo. Variante Sevilla con 2 flores ós lados do vástago central.
RF-04/502/2303	CORNADO- VELLÓN DE XOÁN I- CASTELA	Só se ve marca de S enriba de torre esquerda.
RF-04/502/2299	CORNADO- VELLÓN DE XOÁN I- CASTELA	Burgos. Marca de ceca B, baixo castelo e B e V ós lados do vástago central.
RF-04/502/2294	CRUZADO DE VELLÓN DE HENRIQUE III	Coruña. Marca de ceca: venera (vieira), diante do busto (á esquerda).
RF-04/502/2000	REAL DE VELLÓN DE	Lisboa. Marca de ceca L, en parte inferior esquerda.

	XOÁN I- PORTUGAL	
RF-04/462/4037	CEITÍ DE AFONSO V DE PORTUGAL	Indeterminada.
RF-04/427/2296	CUARTO DE HENRIQUE IV	ILEXIBLE. Acuñada en 1461.
RF-04/502/2013	POSIBLE NOVEN DE HENRIQUE III	Burgos. Marca de ceca B, baixo castelo e dentro de gráfila.
RF-04/489/2334	POSIBLE DIÑEIRO- VELLÓN DE AFONSO X	Acuñada non máis tarde de 1264.
RF-04/489/2298	POSIBLE NOVEN VELLÓN DE AFONSO X	
RF-04/489/2304	POSIBLE ÓBOLO VELLÓN DE AFONSO X	Non estaría acuñada máis tarde de 1288 (1286 concretamente).
RF-04/502/4041	DIÑEIRO DE FERNANDO IV	

#### 4.4.- ANÁLISE METALOGRÁFICO

En xeral, estamos fronte a numismas cásque todos eles realizados en vellón<sup>24</sup> (99%) a expensas do ceití (1%), realizado en cobre puro. Son numismas que se atopan en moi bo estado de conservación, con excepción dos fracturados e os ilexibles pero que, en proporción, forman un conxunto cásque insignificante. En canto ó peso, tendo en conta

<sup>24</sup> (aleación de prata e cobre).

só as moedas enteiras e non os fragmentos ou as fragmentadas, este oscilaría entre 3gr. de media máxima (cuarto de Enrique IV) e 0,22gr. de media mínima (óbolo ou noven). En canto ó modulo dicir que aquí tamén atopamos unha ampla variedade pois contamos con numismas de grande diámetro representado nuns 3 cm ate outros tan pequenos de 1,3cm. En xeral tódolos numismas considerados en bo estado de conservación contarían coa cáseque totalidade do seu metal é dicir, aparecen cáseque enteiros. Outros, os menos, amósanse rotos polo canto, pola lenda e un deles, a expensas dun estudio máis profundo, amósase cortado con intencionalidade, deixando restos en negativo de cortado ou dentellado (para posible devaluación).

Tan só dúas moedas aparecen mal acuñadas e nelas obsérvase que o cospel sufriu unha mala acuñación deixando improntas visíbles de irregularidade na superficie do metal. Unha das moedas amósase repintada é dicir, movida durante a súa acuñación, o que tamén pode levar a estudos futuros moi interesantes (acerca do uso dos troqueles e sistema de acuñación móvil).

#### **4.5.- TRATAMENTO DE LIMPEZA DOS NUMISMAS. DA EXHUMACIÓN Á CATALOGACIÓN.**

En canto ó tratamento levado á cabo para a limpeza dos materiais e o seu tratamento unha vez exhumados cabe dicir que: inicialmente porcédese á identificación inicial do material. Acto seguido realizase unha limpeza mecánica axudada sempre con hisopos en alcohol, retirando a capa de terra adherida, as incrustacións propias da mineralización do metal (costras de oxidación) e tendo moito coidado por non exercer demasiada presión no seu tratamento nin na manipulación con obxectos punzantes, xa que estamos fronte a un conxunto de numismas que probablemente, e debido á grande acidez do chan e a humidade de éste, así como ás condicións intrínsecas do tipo de metal atopado (Cu (cobre) para o 99%) o material pode sufrir graves consecuencias tras unha inadecuada manipulación.

Unha vez limpas e tratadas correctamente procedeuse a súa ubicación topográfica en bolsas de autocierre transparentes e recheas de xel de sílice. Finalmente foron

introducidas en caixas herméticas e con tarxetas identificativas que fan posible a súa axeitada manipulación e depósito.

Para máis información ver anexo I: numimas.

## 5.- MATRIZ DE *SIGILLUM*\*

Nesta campaña de excavación apareceunos unha peza de grande interese histórico. Trátase dunha matriz de sigilo monofaz de bronce, plana, de forma circular con escudo redondo barrado, e gráficas lisas. A tipografía é de caracteres góticos típica do século XV, o que concorda coa forma da súa aleta dorsal tamen característica de esta época.

Na súa lenda chégase a poder ler FERNAN[...] pero dado o seu estado de conservación condicionado por unha fractura polo medio, dificulta a súa lectura para poder recoñecer ó seu posuidor.

Medidas: 3cm. de alto, 1,8 cm. de ancho y grosor de 2 cm.

Na idade media a principal función do *sigillum*<sup>25</sup> e a de autenticar os documentos cun xeito equivalente a firma, na que moitos casos sustitue, polo que tamen e denominado de validación ou de suscripción. O selo leva os signos de identidade do seu propietario pois debíanno recoñecer moitas persoas. Nun principio empreganno as mais altas xerarquias da sociedade mais co tempo adoptaranno outras clases sociais menos relevantes.

Os *sigillum* aparecen na península no século XII usandoo os reis, bispos e titulares das grandes casas condales, no século XIII baixa nobreza, señores e eclesiásticos de menor rango.

Aos selos individuais sucedennos os de comunidades conventos e mosteiros, cabildos catedralicios, ordenes militares, concellos e universidades.

O *sigillum* deixa de ser un obxecto de poder e convirtese nun signo de identidade.

Os *sigillum* adoptan formas diversa, algunhas foron persisistentes e outras de curta duracion como consecuencia da moda.

---

\* Estudio realizado por el alumno Victor Vázquez Domínguez.

<sup>25</sup> Carmona de los Santos, M. Manual de sigilografía. Madrid. 1996.

Respecto a forma, a circular e a de mayor difusión por que se adaptan a calqueira tipo de representación. Son sempre circulares as bulas os grandes selos reais, os dos concellos mais importantes e os dos grandes señores.

Os selos de bispos, abades, priores, mosteiros e conventos tiñan por regra xeral na idade media forma de naveta ou biojival, moi apropiada para contener un personaxe de pe como aparecen nos primeiros selos femeninos e episcopales.

As persoas particulares tiveron unha maior liberdade ao momento de escoller a sua forma.

O chumbo foi o metal mais empregado excepcionalmente empregouse o ouro e mais raramente a prata.

